

POETICALL MUSICKE

Tobias Hume e a viola da gamba nas illas británicas

CAPELA COMPOSTELANA

JULIETA VIÑAS

voz e viola da gamba

FRANCISCO LUENGO

violas da gamba baixo, tenor e soprano

XURXO VARELA

violas da gamba baixo e tenor

Henry VIII (1491-1547)

Helas Madame

Thomas Morley (1557-1602)

Good morrow, fair Ladies of the may

Arise, get up my dear

Lady, if I through grief

Farewell disdainful

O fly not, move

Thirsis, let pity move thee

Francis Pilkington (1565-1638)

Go from my window (instrumental)

Canción tradicional inglesa

Go from my window

Francis Pilkington (1565-1638)

Rest Sweet Nymphs

John Bennet (1570-1615)

Weep, o mine eyes

Thomas Tomkins (1572-1676)

Fantasia XVI

Alfonso Ferrabosco II (1575-1628)

Fly from the world

Thomas Ravenscroft (1582-1635†)

Remember, o thou man

Tobias Hume (c. 1569 - 1645)

Poeticall Musicke (1607)

What greater grieffe

The Pashion of Musicke (instrumental)

Musicall Humors (1605)

Tobacco

Fain would I change that note

The Souldier's song

Igrexa da Universidade

Santiago de Compostela

martes 11 outubro 2022 | 20.00

Ao longo do século XVI a música instrumental foise espallando como unha necesidade dos instrumentistas para expresar a polifonía ou tocar música de danza, ben con adaptacións de obras vocais, ben con composicións propias. Tamén foi a avidez por facer variacións, de diminuír, como un xeito de non repetir o discurso xa exposto previamente, o que fixo que a música instrumental fose gañando terreo; tentaba facer o seu propio camiño imitando a voz mais, ao mesmo tempo, dando un carácter específico a cada clase de instrumento para así poder dicir a música nunha linguaxe que non sempre era accesible ao canto. Nada a viola da gamba no século XV no Levante español, irrompendo como instrumento melódico e espallándose por Italia, Francia e Inglaterra, os diferentes membros da súa familia foron servindo de apoio á polifonía renacentista, aínda que tamén gañando a independencia que precisaban para, xuntándose, interpretar a súa propia música. En Inglaterra, a mediados do século XVI chegou a viola da gamba revolucionando as diferentes familias de instrumentos de vento que xa tiñan chegado previamente ou que existían e irían mudando dende a Idade Media. De feito, foi toda unha revolución, en termos musicais, que aparecese un instrumento que non só permitía tocar música propia senón que cubría as diferentes tesituras da voz. O primeiro desembarco dende a península ibérica a través da alianza de Henrique VIII coa raíña Catarina aumentou a inmensa colección de instrumentos do rei. Porén, o que realmente supuxo unha grande mudanza foi a arribada ás illas británicas dun grupo de músicos italianos instruídos no instrumento. A partir de aí, os músicos ingleses, desexosos de estudar a viola da gamba, emprenderon unha viaxe a terras italianas para aprender a técnica do instrumento e coñecer de primeira man os diferentes recursos relacionados coa arte da improvisación polifónica e da glosa. Cando volveron a Inglaterra, a viola da gamba foi gañando sona, espallándose en proporcións xeométricas até que o instrumento se converteu nun dos protagonistas principais da polifonía instrumental no último cuarto do século XVI e até ben avanzado o século seguinte. Toda esta difusión favoreceu unha poderosa industria, tanto na construción de instrumentos como na edición de partituras para viola da gamba. Dentro desta tradición xorden intérpretes e compositores para viola da gamba e un dos máis importantes que houbo nas illas británicas no século XVII foi Tobias Hume. O Capitán Tobias Hume era, alén de músico, mercenario e, segundo parece, ten participado en diferentes campañas como oficial dos exércitos ruso e sueco. A súa obra, centrada practicamente na súa totalidade na viola da gamba, está chea de poesía e humor e até de certo carácter programático, poñendo ás súas coleccións de pezas para viola títulos como Poeticall Musicke ou Musical Humors, que dalgún xeito describían e suxerían o carácter, o espírito poético e cheo de afectos da súa singular música.

Organiza



Patrocina



Colaboran

